



# Cartografía do esquecemento

(Serie fotográfica. 2017-2022)

Ariadna Silva Fernández

Fotógrafa, cineasta e artista visual


[ariadna.silvafernandez@gmail.com](mailto:ariadna.silvafernandez@gmail.com)

**Resumo.** No meu traballo fotográfico e audiovisual constrúo unha mirada sensible e crítica arredor de temas de interese social. Investigo os conceptos de desmemoria, identidade e territorio desde o meu contexto más próximo mediante proxectos que abordan os ecocidios, as paisaxes naturais e humanas ou a autobiografía.

**Abstract.** A photographic and audiovisual work on issues of social interest is presented from a sensitive and critical point of view. Concepts of lack of memory, identity and territory are investigated from the closest context and through projects that address ecocides, natural and human landscapes or the autobiography.

A deforestación é unha das principais causas da devastación dos ecosistemas e territorios. En Galicia, a desaparición do bosque autóctono está motivada por diferentes factores políticos, sociais e económicos que xeran un gran impacto ambiental. *Cartografía do esquecemento* sinala a industria do eucalipto e os incendios como dous dos principais axentes destrutores do medio natural galego.

As imaxes expoñen un percorrido xeográfico fragmentado, con diferentes elementos que dialogan entre si desde o detalle e o particular. O traxecto iníciase no bosque autóctono representado mediante algunas especies simbólicas, como os castiñeiro, carballos ou bidueiros. A visión que se constrúe ao redor destes lugares é íntima, lírica e afectiva, salientando o vínculo co territorio por medio da fotografía. O alto valor ambiental e cultural destas masas forestais permite situálas, ademais, como eixos de resistencia. O eucalipto aparece, en cambio, como un elemento intruso e asfixiante: trátase dunha especie invasora, orixinaria de Australia, que se utiliza na fabricación de pasta de celulosa e biomasa. A explotación forestal do eucalipto comezou a desenvolverse durante o franquismo grazas



ao seu rápido crecemento e rendibilidade económica. Actualmente, converteuse nunha práctica moi estendida en todo o territorio galego. O abandono do rural, xunto coa falta dunha xestión forestal sustentable e ecolóxica, beneficiaron notablemente a súa expansión nas últimas décadas.

Os bosques autóctonos preservan a biodiversidade e exercen de cortalumes, mentres que o eucalipto desertifica e empobrece o chan. Os incendios, cada vez máis destrutivos, aceleran a extinción de toda forma de vida. O eucalipto emprende o proceso do esquecemento; o lume intensifíca.

*Cartografía do esquecemento* sitúa a dor, a perda e a culpa desde unha perspectiva persoal, especialmente crítica por mor da implicación familiar na industria forestal. A creación dun mapa do esquecemento permite preservar a memoria daquilo que está en proceso de desaparición.

